

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS  
18 - 19



C  
Compostela  
Cultura  
Didáctica



# UNIDADE DIDÁCTICA DANZA(É)CINE.

Luns 29 de abril (Día Mundial da Danza), 10 e 12 h. Sala Mozart  
(Auditorio de Galicia)

Alumnado de 3º e 4º cursos de Ed. Primaria.



## INFORMACIÓN XERAL SOBRE OS DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 2018-2019

---

A sesión *DANZA(É)CINE*, dirixida a alumnado de 3º e 4º cursos de Ed. Primaria e á que corresponde esta unidade didáctica, é a 5ª das actividades das sesións de DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS que por 3º curso consecutivo se inclúen no programa didáctico para centros de ensino que promove a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago, a través do Auditorio de Galicia.



### Que tipo de contidos veremos neste programa de didácticos audiovisuais?

Os contidos deste proxecto son de dous tipos:

Por unha banda temos as sesións de cine, é dicir, as actividades de exhibición audiovisual nas que os centros de ensino se desprazan á sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Estas sesións terán entre 60 e 70 minutos de duración e constan da seguinte estrutura:

.- **Presentación dos contidos.**

.- **Exhibición dos contidos.**

.- **Actividades sobre as pezas exhibidas** como continuación das actividades previas incluídas nas accións de mediación.

Desta volta, a sesión *DANZA(É)CINE* terá lugar o luns 29 de abril (Día Mundial da Danza)

Por outra banda están as accións de mediación como acompañamento das sesións, nas que se inclúen as unidades didácticas asociadas aos contidos, así como as actividades previas nos centros de ensino. Estas actividades suporán un achegamento ao contido que días despois os nenos/as ou adolescentes visionarán na sesión correspondente. Terán entre 40 e 50 minutos de duración (unha clase de primaria, secundaria ou bacharelato) na que se tratarán contidos:

.- **temáticos** (que é o que imos ver? que conta a historia?)

.- **de contextualización** (cando se rodou esta historia? como? de onde veñen os personaxes? como se relaciona coa nosa realidade?)

.- **técnicos** (como se fixo esta peza? que recursos técnicos se utilizaron? música, montaxe, tipos de planos...)

Estas actividades desenvólvense na idea de que, ademais de servir para o traballo previo sobre a sesión específica que eses alumnos/as van ver, estas accións son tamén de achegamento global ao audiovisual como fonte de reflexión, de coñecemento e de xogo.



## Cales son os obxectivos do programa?

Os obxectivos desta 3ª edición das sesións de didácticos audiovisuais, que poñemos en marcha dentro do programa didáctico xeral, son:

- ▶ Achegar contidos audiovisuais ao público escolar dende o punto de vista didáctico.
- ▶ Poñer a disposición dos/das escolares e docentes pezas/producións fóra da dinámica *mainstream* de fácil consumo.
- ▶ Crear hábito e disposición para o consumo de audiovisual doutras latitudes, culturas e ámbitos.
- ▶ Establecer pontes entre o audiovisual e outras manifestacións artísticas, como a música e a danza.
- ▶ Establecer sinerxias e colaboracións con outros colectivos e iniciativas culturais da cidade, a nivel de contidos e implementación das accións propostas.
- ▶ Incidir na vertente sociocultural do programa, prestando especial atención ao traballo na atención á diversidade, á igualdade entre homes e mulleres ou á non discriminación na escolla dos contidos e implementación do programa.

## INFORMACIÓN SOBRE A 5ª SESIÓN: DANZA(É)CINE.



### Que nos imos atopar nesta 5ª sesión DANZA(É)CINE?

Con esta derradeira sesión propoñemos que o alumnado participante explore as relacións expresivas e narrativas dos números de danza de distinta tipoloxía en filmes de distintas épocas, e como desta volta a danza será tan protagonista como o contido audiovisual a sesión na sala Mozart terá lugar no Día Mundial da Danza.



Así, esta actividade non terá só unha compoñente audiovisual senón que, como no caso do cine-concerto da sesión 1, **se producirá un espectáculo didáctico ad hoc para esta programación.** Para isto contaremos con 4 bailaríns / bailarinas: a parella de bailes latinos e bailes de salón da escola *Sons Club de Baile* Lucía Vázquez e Cristian García-Santamarina e Marta Alonso e Paula Quintas de *Danza Alfaia / Colectivo Traspediante*.

Estes/as profesionais interactuarán cunha serie de escenas escollidas en base a criterios de interese como o ano de produción da película, o peso da danza na narración, tipoloxía de movementos, relación entre danza, música e imaxe, etc. É dicir, **o alumnado estará vendo no escenario unha recreación en directo e en tempo real do que ocorre en pantalla.** Cada unha das pezas propostas contará tamén, tras estas microescenas de danza, cunha **parte interactiva na que se explicará aos nenos/as as características expresivas de cada tipo de baile, e a razón polo que está inserido na película que acaban de ver.**

En resumo, o que se pretende coa sesión *DANZA(É)CINE* é **mostrar a mistura entre danza/baile e audiovisual máis aló do seu compoñente puramente estético,** explorando as súas capacidades narrativas como unha forma de expresión non verbal: as escenas “de baile” teñen un significado que aporta contido ao argumento da película.



## Que contidos específicos veremos en *DANZA(É)CINE?*

Esta 5ª sesión da proposta neste curso 2018-2019 será polo tanto un espectáculo de danza e audiovisual de carácter participativo que constará dunha selección de escenas de 4 longametraxes, cada un dos cales representa un estilo de movemento, que estarán acompañadas na proxección con pases de danza dos correspondentes estilos a cargo de dúas parellas de baile. O final do espectáculo será unha dinámica de danza e movemento na que tomará parte todo o alumnado presente na sala.

A continuación desglosamos os contidos desta sesión:

### AS PELÍCULAS E OS ESTILOS DE DANZA:

---

#### O VALS.

---

**Título:** TOP HAT (Sombreiro de copa)

**País:** Estados Unidos (EUA)

**Ano:** 1935.

**Duración:** 99 min.

**Dirección:** Mark Sandrich

**Sinopse:** Jerry Travers, unha estrela da comedia musical americana, chega a Londres e instálase no cuarto do seu produtor. Sen buscalo coñecerá á bela modelo Dale Tremont, que sabendo que está casado fuxirá del para casar co seu xefe Alberto Beddini en Venecia. Enredo, amor e moita danza nunha das mellores películas protagonizadas pola grande parella de baile Fred Astaire e Ginger Rogers.



## A DANZA CLÁSICA.

---

**Título:** AS ZAPATILLAS VERMELLAS (*The Red Shoes*)

**País:** Gran Bretaña.

**Ano:** 1948.

**Duración:** 133 min.

**Dirección:** Michael Powell e Emeric Pressburger.

**Sinopse:** Unha moza bailarina de ballet débátese entre dous homes, un compositor e un autoritario empresario.

O argumento do ballet que dá título ao filme é a historia dun malvado vendedor de zapatos que lle dá un par de zapatillas vermellas a unha moza, que non pode parar de bailar faga o que faga. A súa longa e fatigante danza remata en morte, pero non sen que antes o vendedor recupere as zapatillas vermellas para entregarllas a algunha outra malpocada.



## OS RITMOS LATINOS.

---

**Título:** WEST SIDE STORY.

**País:** Estados Unidos (EUA)

**Ano:** 1961.

**Duración:** 152 min.

**Dirección:** Robert Wise e Jerome Robbins.

**Sinopse:** *West Side Story* está baseada no clásico de Shakespeare *Romeo e Xulieta*, ambientado no Nova Iorque dos anos 60 do pasado século e no enfrontamento de dúas bandas rivais: os Jets, norteamericanos de orixe europea e os Sharks, inmigrantes de orixe puertorriqueña.



O conflito xorde cando María, irmá do xefe da banda puertorriqueña e Tony, ex membro dos Jets, namoran.

## A DANZA MODERNA.

---

**Título:** BILLY ELLIOT.

**País:** Gran Bretaña.

**Ano:** 2000.

**Duración:** 112 min.

**Dirección:** Stephen Daldry.

**Sinopse:** Elliot, un neno de 11 anos dunha pequena cidade mineira en Gran Bretaña ama a danza e soña con algún día converterse en bailarín profesional. O seu pai inscíbrou no centro deportivo da vila para que aprenda a boxear, máis Billy odia ese deporte e decide unirse a unha clase de ballet da profesora Georgia Wilkison, e comezar así co que realmente lle gusta.

Con grandes doses a partes iguais de talento, sacrificio e traballo duro, Billy mostrará á súa familia e a si mesmo como o seu soño pode chegar a converterse en realidade.



## OS BAILARÍNS E BAILARINAS:

---

Na parte de danza en DANZA(É)CINE contaremos con:



As bailarinas **Paula Quintas** e **Marta Alonso**, da Escola de Danza Alfaia / Colectivo Traspediente que actuarán cos filmes **As zapatillas vermellas (DANZA CLÁSICA)** e **Billy Elliot (DANZA MODERNA)**



A parella de baile formada por **Lucía Vázquez** e **Cristian García-Santamarina**, de Sons Club de Baile que actuarán cos filmes **Top Hat (VALS)** e **West Side Story (RITMOS LATINOS)**





## Como será a organización da sesión **DANZA(É)CINE?**

A estrutura da actividade do luns 29 de abril será como segue:

### DANZA(É)CINE



**BLOQUE 1: O VALS // *Top Hat***  
(12 min. aprox.)

Proxección das escenas + danza ao vivo recreando o tipo de movemento que vemos en pantalla. Dinámica participativa no escenario sobre as características básicas do VALS.

**BLOQUE 2: A DANZA CLÁSICA // *As zapatillas vermellas***  
(12 min. aprox.)

Proxección das escenas + danza ao vivo recreando o tipo de movemento que vemos en pantalla. Dinámica participativa no escenario sobre as características básicas da DANZA CLÁSICA.

**BLOQUE 3: OS RITMOS LATINOS // *West Side Story***  
(12 min. aprox.)

Proxección das escenas + danza ao vivo recreando o tipo de movemento que vemos en pantalla. Dinámica participativa no escenario sobre as características básicas dos RITMOS LATINOS.

**BLOQUE 4: A DANZA MODERNA // *Billy Elliot***  
(12 min. aprox.)

Proxección das escenas + danza ao vivo recreando o tipo de movemento que vemos en pantalla. Dinámica participativa no escenario sobre as características básicas da DANZA MODERNA.

**ACTIVIDADE EN GRUPO E DESPEDIDA**  
(10 min. aprox.)

Dinámica en grupo sobre expresión e movemento con todo o alumnado presente na sala, sobre como unha música ou outra transforma a nosa maneira de danzar e polo tanto a nosa maneira de expresarnos.

## PROPOSTA DE MEDIACIÓN: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NOS CENTROS DE ENSINO.

---

### TALLER ANTES DA SESIÓN.

Levaráanse a cabo nos centros de ensino correspondentes impartidas pola mediadora, previa organización do calendario de accións cos/coas docentes.

Duración: 50 minutos.

#### CONTIDOS DO TALLER DE PRESENTACIÓN.

ACTIVIDADE 1. **DANZA(É)CINE: PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DA SESIÓN.** (15 minutos aprox.)

Nesta primeira parte do taller faremos unha presentación dos contidos que imos ver:

- ◆ Presentación e fichas técnica e artística das pezas que veremos na sesión.
- ◆ Proxección do comezo dalgunhas das pezas que conforman a sesión. Explicación da selección de contidos.
- ◆ Análise de temáticas que aparecerán nas distintas pezas, para despois analizalas todos/as xuntos/as no cinefórum posterior.

ACTIVIDADE 2. **COMO E CON QUEN DANZAMOS?** (15 minutos aprox.)

Na segunda parte do taller presentaremos os distintos ritmos e tipos de danza que formarán parte da sesión, e explicaremos o por que da inclusión de cada un deles. Alén disto, centrarémonos en coñecer aos outros grandes protagonistas de DANZA(É)CINE ademais dos filmes proxectados: o bailarín e bailarinas que recrearán para nós estes estilos de danza e nos ensinarán todos os segredos de cada baile:

## VALS E RITMOS LATINOS.

**Cristian García-Santamarina Liñeira e Lucía Vázquez Fandiño**, de 24 e 23 anos respectivamente, son unha parella de bailaríns profesionais de Santiago de Compostela. Pertencen a *Sons Club de baile*, unha academia da capital galega. Como parella levan 7 anos bailando xuntos, empezaron nunhas clases de baile social, onde



se coñeceron e ás dúas semanas comezaron a tomar clases xuntos e iniciáronse no mundo da competición. Combinan o baile cos seus estudos, Lucía acaba de rematar a carreira como mestra de Educación Infantil na USC, e Cristian está no último ano de Enxeñería Informática na USC tamén.

Esta parella de bailaríns ademais de combinar a danza cos estudos, imparten clases de Zumba Fitness e baile social en varios espazos de Santiago de Compostela, como na Fundación ONCE, e Bertamiráns. Ademais Lucía imparte clases de baile moderno para nenos/as, xa que son a súa paixón.

Dende que comezaron bailando xuntos acadaron varios títulos importantes entre os que destacan o de Subcampións Galegos de 10 bailes o ano pasado. Ademais dos títulos acadados o que destacan é que o importante é superarse a un mesmo sen necesidade de pisar

aos demais, xa que a pesar de que o nivel de competitividade é moi alto cren que unhas veces se gaña e outras se perde, que é un claro exemplo do que pode ser o día a día e a vida mesma.

Adestran a menos e nenas que compiten dende moi pequenos e isto é o que intentan transmitir nas súas clases, teñen claro que os valores e o aprendizaxe diaria vai moito máis alá dun primeiro posto.

## DANZA CLÁSICA E DANZA MODERNA.

**Paula Quintas** é bailarina, aramista circense e coreógrafa visual, desenvolve a súa carreira como intérprete e docente entre España e Inglaterra en varias compañías, destacando TrasPedante, ProJecto C-F Dance e Dizzy O'Dare. Na actualidade mantén unha liña de traballo noutros lugares como Portugal e Costa Rica, formando parte de proxectos institucionais.

Ao mesmo tempo xera un traballo de investigación en outras plataformas entre a danza, a performance e o circo.




**Marta Alonso Tejada** é bailarina e profesora de ballet clásico titulada pola Royal Academy of Dace (Londres) Licenciada en Psicoloxía pola UAM (Madrid) e USC (Santiago de Compostela), e formada en Danza Terapia pola Fundación Maite de León (Madrid) Máster en Artes Escénicas da Universidade Rey Juan Carlos (Madrid) e seleccionada polo CCG para o Tour d'Europe des Chorégraphes (2010-2011) desenvolvido en Alemaña, Francia, Irlanda, Galicia e Polonia.

Combina o seu facer escénico cunha intensa labor pedagóxica na Escola de Danza Alfaia de Santiago de Compostela, da que é promotora e coordinadora; e coa dirección, dende 2011, de corpo(a)terra, o festival de danza e artes de corpo de Ourense.



## ACTIVIDADE 3. LABORATORIO DE CINEASTAS DO FUTURO (20 minutos aprox.)

Esta última parte dos talleres de mediación previos a cada sesión nos centros de ensino será común e transversal ás 5 citas de didácticos audiovisuais. Nela, ademais de tratar especificamente os contidos e temáticas da sesión correspondente, queremos dar ao alumnado unha pinceladas básicas sobre cuestións técnicas de linguaxe audiovisual e análise cinematográfica, adaptadas sempre ás idades dos/das participantes e dende un punto de vista dinámico e participativo (esta actividade será sempre un exercicio para facer en común)



Traballaremos arredor das seguintes cuestións:

- ◆ Linguaxe audiovisual: tipos de planos e posicionamento da cámara como elemento narrativo.
- ◆ O *storyboard* ou guión visual: como trasladar as historias a imaxes.
- ◆ Técnicas de interpretación e a súa evolución a través da historia do audiovisual: do *slapstick* ao *Dogma 95*.
- ◆ Xéneros cinematográficos: como contamos as historias? Da comedia ao cine negro.



## ACTIVIDADES ARREDOR DA SESIÓN DANZA(É)CINE.

Esta batería de actividades propónse para ser levada a cabo, de forma optativa, na aula polos/polas docentes, tras asistir á proxección da sesión *DANZA(É)CINE*.

## CONTACTO:

**Diego Vázquez Meizoso**

Telf.: 646361471

**Rebeca Mariño**

Telf.: 650541978

Correo-e: [didacticosaudiovisuais@gmail.com](mailto:didacticosaudiovisuais@gmail.com)

